

Proxecto
Benito
Losada

DESCREENZA

DISBELIEF




XXXV
outono fotográfico



COLABORAN

Afundación [Vigo] · Aparthotel Arenteiro [O Carballiño] · Arca da Noe [Vilar de Santos] · Asador da Veracruz [O Carballiño] · Asociación Fotográfica Potiños [O Carballiño] · Ateneo de Ourense · Aula K [A Coruña] · Bodegas Docampo · Café Bohemio [Ourense] · Café Peñasco [O Carballiño] · Campus de Ourense da Universidade de Vigo, Vicerreitoría do Campus: Biblioteca Central, Edificio de Facultades, Sala Alterante · Casa da cultura de Melgaço · Casa do Escudo [Verín] · Casino do Carballiño · Centro Hospitalario Universitario de Ourense CHUOU SERGAS · Clube Alpino Ourense · Concello de A Coruña: Biblioteca do Ágora, Biblioteca Municipal Castrillón, Biblioteca Rosales, Casa Museo Casarás Quiroga, Casa Museo de María Pita · Concello de Barbadás: Casa da Cultura · Concello do Barco de Valdeorras: Teatro Municipal Lauro Olmo · Concello de Celanova: Sala dos Arcos · Concello de Lalín: Auditorio · Concello de Lugo: Museo Interactivo da Historia de Lugo · Concello de Monforte de Lemos: Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro · Concello de Ourense: Concellería de Xuventude [Espazo Lusquiños da Mocidade], Centros Cívicos de A Cuña e A Ponte, Concellería de Cultura [Auditorio Municipal, Museo Municipal], Centro de Innovación Social Dixital A Molinera · Concello de Pantón: Edificio Sociocultural · Concello de Pontevedra: Casa da Cultura · Concello de Pontevedra: Pazo da Cultura · Concello de Ribadavia: Casa da Xuventude, Sala igrexa da Magdalena · Concello de Santiago: Centro Sociocultural do Castiñeirío, Centro Sociocultural de Conxo, Centro Sociocultural do Ensanche, Centro Sociocultural das Fontiñas, Centro Sociocultural da Trisca, Centro Sociocultural José Saramago de Vite · Deputación de Lugo: Sala de exposicións, Rede Museística e Museo Provincial · Deputación de Ourense: Centro Cultural Marcos Valcárcel, Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo · Detrás del Marco · Difusora de Letras, artes e ideas · Designa Edenia Buldín · Emociois · Encontros da Imagem [Braga] · Escola de Arte e Superior de deseño Antonio Faílde [Ourense] · Espacio Shangri-La [Ourense] · Espazo Xove de Chantada · Espazo Xove de Ourense [Antes Casa da Xuventude] · Fotosconletra · FotoSíntese [Ourense] · Galería Imagem Brasil · Galería Marisa Marimón [Ourense] · Galería Sangadelos [Vigo] · IPCI, Instituto de Produción Cultural & Imagem [Porto] · Liceo de Ourense · Lumbudus: Galería da Adega do Faustino [Chaves] · Museo Etnolóxico Ribadavia · Museo Nogueira da Silva de Braga · Nova Restaurante [Ourense] · O Cabalo Fosforito [Ourense] · Oloatlántico [A Coruña] · Photo Art [Ourense] · Roberto Verino · Sala Halcón milenario [Vigo] · Soho [Vigo] · Xunta de Galicia, Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

#OF2017



www.fotograficafestivalgalego.org | www.fotograficafestivalgalego.org | www.fotograficafestivalgalego.org

ARCO DE PROBABILIDAD

Javier Herrero Valle

CENTRO SOCIOCULTURAL DO ENSANCHE

Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16. Teléfono: 981 543 001. Horario: luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:30 h
Sábados de 10:00 a 14:15 e de 17:15 a 21:00 h

2 a 30 de novembro

A luz é a materia primixenia sobre a que o fotógrafo fabrica as súas ilusións; constrúe coa axuda do tempo unha imaxe que se converte instantaneamente en «pasado». Existe un terceiro factor inerente á fotografía, ás veces buscado, ás veces encontrado: o azar. Na fotografía química, as imaxes fórmanse nos negativos, que non son outra cousa ca haluros de prata dispostos azarosamente nun papel de acetato. Por ese motivo, é imposible que dúas imaxes fotoquímicas sexan completamente idénticas. Algo que ten máis importancia do que parece na nosa percepción dunha imaxe. A serie *Arco de Probabilidade* fala da relación da fotografía co azar, do azar coa natureza; e da natureza, con ser humano. O termo tamén fai referencia a un concepto técnico que teñen todas as cámaras fotográficas.



ARCO DE PROBABILIDAD
S/T

OFFSET

Igor Calvo

CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

Praza Aurelio Aguirre, 1 - Conxo. Teléfono: 981 528 740. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:30 h
Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h

3 a 30 de novembro

A rúa, espazo social por excelencia, foi resignificada pola especulación teórica como "espazo público" e, a través de voraces renovacións urbanísticas, convertida en reflexo dun sistema político-económico: o espazo público como ideoloxía (M. Delgado).

O proxecto de Igor Calvo, Offset, xoga coa dobre acepción do término (como método de impresión e como estratexia de compensación). A obra reclama a recuperación do espazo común como lugar de xeración de discursos a través de dispositivos de instalación.

Igor Calvo refotografía imaxes extraídas de rede e as ubica na paisaxe urbá co fin de desprazar a narrativa oficial e expandir o campo semántico dos bunkerizados centros das cidades.

Mostrando a violencia sistémica sobre a que se sustenta a ideoloxía neoliberal, trastoca a significación do espazo físico e abre un umbral á disensión.



OFFSET
estado policial 1

SOLITUDINE

José Alves

CENTRO SOCIOCULTURAL A TRISCA

Corredoira das Fraguas, 92. Teléfono: 981 543 191. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:30 h
Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h

3 a 30 de novembro

A seardade, «o estado de estar só», é algo máis ca exterior, físico. É algo que ven de dentro. Significa máis ca un estado, máis ca unha dicotomía de estados. A percepción de «estar só», con un mesmo, é variable e intransferible. Un estado de incredulidade na sociedade, nos demais, en nós mesmos ás veces. Describir a soidade de un vólvese comparable á descrición de sensacións, sentimentos ou sabores. É unha experiencia. Somos un, dissociables de todo o demais. Somos un, dende o nacemento ata a morte. A carne convértese no vehículo, o corpo, o obxecto. A cidade é o escenario na busca de algo que sande a soidade que nos devora. Somos un, ata a nosa morte. A soidade non ten curación. Non é unha enfermidade, é o noso estado natural.



SOLITUDINE
S/T

RUTAS CAUTIVAS

Teresa Charlín

CENTRO SOCIOCULTURAL AS FONTIÑAS

Rúa Berlín, 13. Teléfono: 981 528 750. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:30 h
Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h

3 a 30 de novembro

Neste proxecto intentei buscar o lado máis persoal que a min me suxiere a experiencia e o reto de «ruta» a seguir, como concepto de encontro, superación e azar na vida.

Utilizo como protagonista unha pedra. Interesoume concretamente a figura do lastro como símbolo de robustez e peso, propio do inamovible, do asentado e preconcebido. Esta metáfora de dificultade, de tropezo, é precisamente a que dá sentido á andadura, inicio ou cambio nas nosas «rutas» íntimas, moitas veces «cautivas».

Ao asumir o obstáculo, sobrepasalo e, quizais, conseguir deixalo atrás é onde un mesmo encontra a autenticidade dese camiño interior. A aceptación, a verdade.



RUTAS CAUTIVAS
Rutas cautivas III

THE CITY

Antón Varela

CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

Rúa Virxe de Fátima. Teléfono: 981 542 459. Horario: martes a venres de 16:00 a 21:30 h

3 a 30 de novembro

Nova York non é unha cidade máis, é "a cidade". Seguramente representa o paradigma de espazo urbano na cultura occidental contemporánea. Constituída por un conglomerado urbanístico singular, reúne tradición e modernidade, orde e caos, beleza e fealdade... A acción simultánea de todas esas forzas, converxentes e diverxentes, fascinan e desencantan ao observador.

A cidade ferve de vida. O movemento continuo empurra aos seus habitantes nunha carreira infinita a través de espazos imposibles que acollen a persoas das máis diversas orixes. É un fogar para todos, mais por veces semella non o ser para ninguén.

O enxame humano da cidade é enorme, mais os seus individuos en moitas ocasións viven illados, perdidos nese espazo esmagador. Son apenas elementos incorporados nunha realidade estraña.



THE CITY
Chess Forum

SIN PUERTAS

Ángeles Carballo Freire

CENTRO SOCIOCULTURAL JOSÉ SARAMAGO DE VITE

Rúa Carlos Maside, 7. Teléfono: 981 542 490. Horario: martes a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:30 h
Sábados de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 h

3 a 30 de novembro

Un peregrino é unha persoa inqueda, busca encontrar respostas aos interrogantes que leva dentro, intenta encontrarse consigo mesmo, mentres camiña en soidade. Apaixónase, entusiásmase e sorpréndese ante calquera volta do Camiño, trata de plasmalo en evocadoras imaxes, que intentan transmitir a emotividade, o sentimento e a espiritualidade do seu ser. Non ten medo, deixa que a súa vida cambie sen deixar de aprender.

Avanza, camiña e fixa na súa memoria lembranzas imposibles de borrar. A terra vaise facendo camiño diante dos seus pasos, o vento sopra sempre nas súas costas, o sol brilla cálido sobre a súa cara. Nada ata o seu corazón. Verdadeiramente, non se lle poden poñer portas ao monte! Momentos máxicos, cheos de benestar, tranquilidade, ensimesmamento e, por que non dicilo, de ledicia. Intenta captar instantes dunha vivencia chea, irrepitible, de pura liberdade, en definitiva... SEN PORTAS.



SIN PUERTAS
Cruz, catro son as direccións do planeta;
que a paisaxe, o pentagrama centre a mirada